



XUNTA DE GALICIA

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Anuncio

Resolución de 26 de octubre de la Dirección General de la Academia Gallega de Seguridad Pública, de la Vicepresidencia Segunda y Consejería de Presidencia, Justicia y Deportes, por la que se anuncia la corrección de errores de la convocatoria del proceso selectivo de acceso por promoción interna y del proceso de provisión por movilidad en los cuerpos de Policía Local de Galicia, escala ejecutiva, categoría de inspector

En el Diario Oficial de Galicia número 190, del 5 de octubre de 2022, se publicó la Orden de 21 de septiembre de 2022 por la que se aprueban las bases generales reguladoras y se convocan el proceso selectivo de acceso por promoción interna y el proceso de provisión por movilidad en los cuerpos de la Policía Local de Galicia, escala ejecutiva, categoría de inspector (códigos de procedimiento PR461F para el proceso de acceso por promoción interna y PR461J para el proceso de provisión por movilidad) en la cual se establecen las bases generales que rigen esa convocatoria y número y características de las plazas convocadas.

Mediante resolución del 26 de septiembre de 2022 se publicó en el Boletín Oficial del Estado número 240, del 6 de octubre, el anuncio de dicha convocatoria.

Advertido error en la convocatoria referente al número de plazas convocadas en el proceso de provisión por movilidad, se publica en el Diario Oficial de Galicia número 203, del 25 de octubre, la corrección de errores de la convocatoria, que modifica las plazas convocadas en el proceso de provisión por movilidad, que son las que a continuación se señalan:

PROCESO DE PROVISIÓN POR MOVILIDAD	
Ayuntamiento	Número de plazas
Ferrol	1
Sada	1
Santiago de Compostela	1
Vigo	2

A Estrada, 26 de octubre de 2022.- El director general de la Academia Gallega de Seguridad Pública, Santiago Villanueva Álvarez.

R. 3100

AUGAS DE GALICIA

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que mediante resolución da dirección de Augas de Galicia de data 7 de outubro de 2022 e como resultado do expediente incoado para o efecto, outorgouse ó Concello de Alfoz a modificación de características da concesión de augas públicas que se lle outorgara na resolución de data 24.06.2010, para o aproveitamento de 23.003,40 m³ anuais de auga, que procede do rego de Guilfonso (río Ouro), no lugar de Coruxeiras, na parroquia do Pereiro (Santa María), no concello de Alfoz (Lugo), con destino a abastecemento de poboación e a uso gandeiro.

Número Expte.: DH.A27.79764

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2022.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico , José Ángel Someso Anguita.

R. 3101

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 12/2022, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal 558.568,97

CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos2.142.465,30

CAPÍTULO III: Gastos Financeiros.....0

CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes131.686,14

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións reais1.493.371,80

CAPÍTULO VII: Transferencias de capital14.000

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros0

CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros0

TOTAL: 4.340.092,30

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 2 de novembro de 2022 .- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3161

GUITIRIZ

Anuncio

Anuncio de Información Pública do “Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Guitiriz”

Por resolución da Alcaldía de data 25/10/2022 aprobouse o Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Guitiriz e acordouse abrir un período información pública de devandito documento.

O citado documento queda exposto ao público por un período de 30 días nas oficinas municipais do Concello de Guitiriz así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

Guitiriz, 25 de outubro de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3102

LUGO*Anuncio***DECRETO Nº: 10470/2022 do 28/10/2022****Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a de Gardería Municipal pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 12 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 12/281 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020)

- Decreto Nº 3478/2022 do 28/03/2022, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a Gardería Municipal pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020)

Dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 083, do 11 de abril de 2022, e extracto del no “Diario Oficial de Galicia” número 106, do 3 de xuño de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 147, do 21 de xuño de 2022.

Con data do 20 de xullo de 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 7/620 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A DE GARDERÍA MUNICIPAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020)

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 28 de outubro de 2022

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 28 de outubro de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 3478/2022 do 28/03/2022, para o acceso en propiedade a una praza de Director/a de Gardería Municipal pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
FERNANDEZ TOUZON, MARIA EUGENIA	***5362**
IGLESIAS ARIAS, MARIA NEREA	***5145**

EXCLUIDOS/AS

Ningún.

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 7/620 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2022 o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a Gardería Municipal do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a

Dona Concepción Sánchez Blanco, profesora titular no Dpto. de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña.

Suplente: D.^a Victoria Martínez Vérez, profesora de ensino secundario.

Vogal titular: D. Javier Rouco Ferreiro, director CEIP Rosalía de Castro A Coruña

Suplente: D.^a Begoña Vazquez Veiga do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Vogal titular: D.^a María del Mar Santiago Arca, mestra no CEIP Emilia Pardo Bazán A Coruña

Suplente: D.^a Raquel Corcoba Martínez, mestra de Educación Infantil.

Vocal titular: D.^a Zoraida de Vega Vidal, xefa de departamento Concello da Coruña

Suplente: D.^a Graciela Carral Seijas, técnica do Concello da Coruña

Secretario/a:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez. Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 28 de outubro de 2022.

R. 3140

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 25 de outubro de 2022, a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalación e obras, a modificación da ordenanza fiscal que regula a taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación da apertura de actividades económicas sometidas ao réxime de declaración responsable e a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos do Concello de Monterroso, expóñense ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra das devanditas ordenanzas.

Monterroso, 26 de outubro de 2022.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 3113

*Anuncio***Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 25 de outubro de 2022, a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo na escola infantil municipal do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 26 de outubro de 2022.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 3114

RIOTORTO*Anuncio*

En cumprimento do disposto na Lei 6/85, Lei Orgánica do Poder Xudicial, procédese á apertura dun prazo de vinte días hábiles a contar desde o día seguinte ao da inserción deste Edicto no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para a presentación de solicitudes para acceder ao cargo de Xuíz de Paz Titular e Substituto deste municipio.

Aquelas persoas que reúnan os requisitos: ser español, maior de idade, non estar impedido nin física nin psiquicamente, non haber sido condenado por delito doloso mentres non houbera obtido a rehabilitación, non haber sido procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite acto de sobreseimiento e estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís, poden presentar solicitude para a provisión dos postos de Xuíz de Paz Titular e Substituto.

A solicitude será facilitada nas oficinas municipais e acompañaráselle a seguinte documentación :

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/80.
- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- Certificado médico que acredite non estar impedido nin física nin psiquicamente para a función xudicial.

Riotorto, 26 de outubro de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3103

SARRIA*Anuncio*

O día 31/10/2022, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-1146, aprobou as **BASES PARA A AMPLIACIÓN BOLSA DE MESTRES/AS DE CORO DA ESCOLA DE MÚSICA PARA COBERTURA DE VACANTES E SUSTITUCIÓNS, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de **5 días naturais** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES PARA A AMPLIACIÓN BOLSA DE MESTRES/AS DE CORO DA ESCOLA DE MÚSICA PARA COBERTURA DE VACANTES E SUSTITUCIÓNS, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Rd Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases a **ampliación da bolsa de mestres/as de coro aprobada por Decreto 2022-1016** para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir segundo a contratación laboral temporal regulada no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será a tempo parcial e unha duración semanal proporcional o nº de alumnos por especialidade.

Tanto o número de horas como a súa distribución poderá ser modificada en función do número de alumnos existentes en cada momento de vixencia do respectivo contrato, así como pola necesidade de adecuar as diferentes clases ou actividades en función dos niveles ou grupos de alumnos/as á obtención dun mellor rendemento académico.

2. Funcións da praza:

As propias de Profesor de música, con dedicación ás especialidades aludidas, segundo as necesidades da Escola e programación anual, e en concreto, sen carácter exhaustivo, as seguintes:

- a) Clases de instrumento, en cada unha das especialidades sinaladas.
- b) Participar nas demostracións didácticas, actividades varias ou nos concertos programados pola Escola, así como colaborar coas actividades programadas pola Banda.
- c) Impartir as clases de música de conxunto, ou seccionais da especialidade, que no seu caso poidan existir.
- d) Desenvolver a totalidade das anteriores funcións así como calquera outra que se estableza baixo a coordinación inmediata do Director das actividades docentes musicais do Concello.

3. Réxime normativo:

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante concurso-oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

- a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Titulación académica. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

ESPECIALIDADES	TITULACIÓN ACADÉMICA REQUIRIDA
- Coro	Estar en posesión do título de Grao Superior, Grao Profesional, ou equivalentes de conservatorio, admitíndose tamen estar no último curso de Grao Profesional de conservatorio, da especialidade/s á que opten, ou directamente relacionada, os aspirantes.

d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.

g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

h) Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

6. Presentación de instancias:

6.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo II das presentes bases, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Sarria, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 5 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. **Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>**

6.2. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo (incluída no modelo de instancia).
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.
- **Unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen** pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos, e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

6.3. Xustificante do pagamento de dereito a exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora, que ascende á **cantidade de 24,00 euros**, e que deberá ingresarse no seguinte número de conta do Concello: ES4320800143363110000018.

7. Admisión das persoas aspirantes:

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **5 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

8. Tribunal:

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

9. Procedemento de selección:

O proceso de selección efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> en consonancia coas presentes bases.

- Proba de Idioma galego.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como **APTO ou NON APTO**, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou mais.

**Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

- **PROBA PRÁCTICA. (60 puntos).** Consistirá en 2 probas:

1) Defensa e exposición de unha PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA da materia a ensinar en cada especialidade, elaborada previamente polos aspirantes e presentada como documentación obligatoria.

O tribunal podera realizar aos opositores preguntas de carácter técnico sobre a programación didáctica, ben para resolver calquera dúbida que lle poida xurdir en relación a súa exposición ou ben para comprobar os coñecementos do aspirante sobre a mesma.

A programación didáctica será valorada no seu conxunto (contido, exposición, respostas ás preguntas do tribunal) aplicandolle unha puntuación máxima de **30 puntos**.

2) Simulación dun breve ensaio de coro cunha duración non inferior a 2 minutos nin superior a 4.

9.2. Publicación dos resultados dos exercicios:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>.

Concederáse un prazo de **2 días naturais** para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contará desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>

9.3. Valoración dos méritos

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO I** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 40 puntos na súa totalidade**.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

As puntuacións publicaranse na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, con cedéndose un prazo de 2 días naturais para os efectos de alegacións que se contarán dende o día seguinte á data de publicación.

10. Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación:

Rematadas as fases anteriores, o tribunal publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **3 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> os documentos seguintes:

- Copia compulsada de:

- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.

- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.

- Fotocopia dos méritos alegados

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

11. Funcionamento da bolsa.

Os aspirantes que superen o proceso pasarán a formar parte da Bolsa aprobada mediante Decreto 2022-1016, na especialidade de Coro, a continuación da persoa que xa figura na mesma, en orde a súa puntuación e funcionará do seguinte modo.

1. Realizaranse 3 chamadas cunha diferenza dunha 1 hora entre cada chamada, de non haber resposta pasarase ó seguinte, sen penalización. Ao realizar o chamamento de forma telefónica, deixarase constancia de esta actuación por un funcionario do Concello mediante dilixencia na que se reflectirá a data e hora das chamadas, así como a resposta recibida.

2. De rexeitarse a oferta pasará ó final da lista salvo causa xustificada nos seguintes supostos;

a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.

b) Embarazo de risco.

c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.

d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.

e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de 3 días naturais.

3. Cando se produza o cese dun integrante da lista, incorporarse ó posto da lista que lle corresponda por puntuación.

4. Os movementos, incidencias e novidades que se produzan na lista publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

12. Réxime de incompatibilidades.

As persoas que resulten contratadas estarás sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

13. Normas finais:

13.1. Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

13.2. A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

ANEXO I

FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.- (40 puntos)

- Por desenvolvemento de actividade docente musical en Organismo Educativo público ou privado ou ben nalgunha escola de música municipal ou coral municipal, **0,33 puntos por mes cun máximo de 20 puntos.**

A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante a presentación do certificado de servizos prestados ou ben mediante a presentación conxunta do contrato/toma de posesión e vida laboral.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente á xornada efectivamente realizada.

- Por pertencer a calquera banda de música ou coral musical, incluída a banda de música de Sarria ou coral do Concello de Sarria **0,33 puntos por mes cun máximo de 20 puntos.**

A acreditación da pertenza a banda ou coral deberá realizarse mediante informe do Director da Banda ou Coral.

ANEXO II (INSTANCIA)

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE MESTRES/AS DA ESCOLA DE MÚSICA			
DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante	<input type="radio"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:			
<u>ESPECIALIDADE SELECCIONADA</u>		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:			
<input type="radio"/> Si		<input type="radio"/> Non	
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.			
PROTECCIÓN DE DATOS: Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:			
LUGAR E DATA:			

Sarria, 31 de outubro de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3152

Anuncio

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión celebrada o día 27-10-2022, acordou desestimar a única alegación presentada e aprobar definitivamente a Relación de posto de traballo para o Concello de Sarria segundo a proposta aprobada inicialmente na Sesión Plenaria de data 25/08/2022.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada relación de postos de traballo, a cal se poderá consultar no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do Concello de Sarria, no seguinte enlace:

<https://sarria.sedelectronica.es/transparency/01a446f9-45f1-4416-9b5f-908c7120d0cc/>

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste Acordo.

Sarria, 31 de outubro de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3153

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 30/09/2022 acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

BARALLA: substituto: DON ELADIO SÁNCHEZ LÓPEZ. DNI 33851379W.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 17 de outubro de 2022.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3104

Anuncio

Dado que o Concello de **TRABADA (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO/A** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 17 de outubro de 2022.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3105

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

A/27/23593

PG/JM

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/23593

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: María Raquel López López

Caudal solicitado: 0,046 l/seg.

Punto de emplazamiento: Vilar de Mouros, parcela 8 del polígono 123

Término Municipal y Provincia: Cervantes (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción por tubería hasta depósito desde el que se distribuirá agua a un abrevadero en la parcela 22 del polígono 83.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Cervantes**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 19 de octubre de 2022.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 3037

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/08323/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Segundo Rodríguez Blanco

Nombre del río o corriente: Manantial que forma una balsa de agua en la finca Barreira o Chousa do Espadanal

Punto localización: Espadanal, parroquia de San Pedro de Navалlos

Término municipal y provincia: Guntín, Lugo

Caudal concedido: 3 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 28 de mayo de 1999

Registro de Aguas: 8511, Sección A, en el Tomo 0086, hoja número 011

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Guntín** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 25 de octubre de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3106

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/40452

Olga Moreira Silva, con D.N.I.***0730**, solicita autorización para la plantación de árboles en la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego Seixiños

MARGEN / RIBERA: derecha

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A PLANTAR: 2.300 árboles (castaños, nogales y robles)

LUGAR: Parcelas 39 y 40 del polígono 44

PARROQUIA: A Meda (Santiago)

TÉRMINO MUNICIPAL: Castroverde

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 19 de octubre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3107
